

GUÍA PARA A ELABORACIÓN DO PRACTICUM

(Prácticas Externas)

1. Que é o *Practicum*?

É unha materia obrigatoria do plan de estudos do Máster Universitario en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia (MUETF) da Universidade de Vigo que consta de 9 créditos. O seu propósito central será relacionar a formación adquirida no máster cos diferentes contextos e especialidades clínicas nas que pódense desenvolver o exercicio terapéutico en fisioterapia. Tamén poderá ter un papel chave no achegamento e aplicación dun protocolo de exercicio terapéutico ou de avaliación da función física que apoiará o traballo fin de máster que deberá desenvolver tamén o/a alumno/a matriculado/a no devandito máster.

Sería desexable que as prácticas se desenvolveran en centros clínicos, hospitais, residencias de persoas maiores e outras institucións sanitarias públicas e privadas con convenio coa Universidade de Vigo e que entre as súas condutas clínicas fisioterapéuticas empreguen o exercicio terapéutico como modalidade esencial no tratamento dos pacientes.

2. Desenvolvemento do *Practicum*:

As prácticas externas desenvolveran en centros clínicos, hospitais, residencias de persoas maiores e outras institucións sanitarias públicas e privadas con convenio coa Universidade de Vigo. A duración do *Practicum* é de 120 horas, divididos ao longo de seis semanas e con unha dedicación semanal de 20 horas (preferentemente). As seis semanas poden acortarse ou alargarse en función de outras xornadas semanais acordadas entre o/a alumno/a e o/a titor/a da entidade colaboradora. A asistencia é obrigatoria e os/as estudantes deberán axustarse ao horario de atención clínica e do/a titor/a da entidade colaboradora onde desenvólvanse as prácticas.

O *Practicum* comezará no segundo cuatrimestre. Ao rematar, o estudantado deberá entregar unha memoria (cartafol) do traballo desenvolto.

3. Profesor/a titor/a académico do *Practicum* da universidade:

O/a profesorado/a titor/a académico do *Practicum* recae na figura do/a coordinador/a de Prácticas Externas do MUETF. Esta restrición non se aplica ao persoal co-titor, de habelo.

As súas funcións serán:

- Orientar ao alumnado durante todo o proceso.
- Axudar ao alumnado a concretar a súa proposta de traballo no centro de prácticas.
- Axudar na posta en práctica dunha proposta de traballo.
- Resolver as súas dúbidas ao longo da realización do *Practicum*.
- Facilitarlle as orientacións pertinentes que permitan a integración dos coñecementos conseguidos no máster no desenvolvemento da súa competencia clínica en exercicio terapéutico.

- Orientar sobre os recursos bibliográficos e materiais didácticos que redundaren na maior calidade, creatividade e orixinalidade da memoria do *Practicum*.
- Facer o seguimento do alumnado en coordinación co titor/a de prácticas na entidade colaboradora.
- Avaliar ao alumnado en prácticas consonte a metodoloxía de avaliación definida na Guía Docente da materia.

4. Titor/a do *Practicum* da entidade colaboradora:

O/a titor/a dos centros de prácticas desenvolverá as seguintes funcións:

- Acoller e orientar o alumnado en prácticas
- Facilitarlle a realización da proposta de traballo en colaboración co profesorado titor académico da universidade.
- Emitir informe sobre o traballo realizado polo estudiantado no centro.

5. Funcións do estudiantado en prácticas:

- Desenvolver as funcións acordadas entre o profesorado titor académico da universidade e da entidade colaboradora.
- Cumprir o horario acordado.
- Elaborar unha memoria do traballo desenvolto no *Practicum*.

6. Proposta de traballo:

O alumnado en prácticas deberá presentar unha solicitude ao/á coordinador/a de prácticas externas do MUETF indicando o centro no que ten interese en desenvolver as súas prácticas externas, e nesa solicitude debe indicar en liñas xerais os motivos polos cales ten interese en facer as prácticas en un centro concreto e unha proposta resumida de traballo a desenvolver. En base a esta solicitude e aplicando os criterios establecidos no Regulamento de Prácticas Externas do MUETF da Universidade de Vigo, o/a coordinador de prácticas externas realizará a distribución do alumnado e publicará os listados no principio do segundo cuatrimestre.

7. Estrutura e cuestións formais da memoria do *Practicum* (Cartafol)

O traballo presentado debe responder á estrutura que se determina a continuación:

1. Introducción
2. Descrición de la práctica e metodoloxía de traballo.
3. Reflexión acerca do proceso (relaciones humanas con titor da entidade colaboradora e pacientes, ademais dos resultados alcanzados coa metodoloxía aplicada).
4. Bibliografía.

As características formais son:

- Portada: Deberá levar o logotipo do máster e incluír os seguintes datos:

- Nome do/a alumno/a.
- Nome do/a titor/a da Entidade Colaboradora e do/a co-titor/a académico/a, no caso de existir.
- Ano.
- Bibliografía segundo a normativa Vancouver:
<https://www.ncbi.nlm.nih.gov/books/NBK7256/>
- Extensión do traballo: entre 2 e 3 páxinas en DIN A4 (sen incluír os anexos no caso de existir).
- Tipo de letra: Times New Roman 12 puntos
- Entreliñado: 1,5.
- Marxes: 2,5 cm superior e inferior / 3 cm dereita e esquerda
- Entregarase en formato dixital a través da plataforma Moovi.
- Anexo: poderanse incluír os documentos e materiais que se consideraren pertinentes para a mellor comprensión e contextualización das prácticas.

8. Avaliación

O proceso de avaliación consta de tres partes. En primeiro lugar, o/a titor/a da entidade colaboradora deberá emitir un informe sobre o desenvolvemento das prácticas que suporá un 50% da nota final. Se o informe é favorable, a persoa titora (coordinador/a de Prácticas Externas) ou co-titora académica da universidade valorará o desenvolvemento das prácticas e o traballo realizado nas titorías - 30%. Finalmente, a memoria (cartafol) final das prácticas entregados polo/a alumno/a terá un 20% do valor final da avaliación. Para aprobar a materia será necesario superar cada un dos apartados.